



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Nº expediente xestiona 64/2023

### SUSTITUCIÓN FRANCISCO PEREZ OTERO, PLAN CONCELLOS LIÑA 3

Vista a baixa presentada polo traballador Francisco Pérez Otero, contratado polo Concello de Pazos de Borbén como persoal laboral temporal dentro do plan de obras e servizos municipais (plan concellos 2023, liña 3), da Deputación de Pontevedra e prevendo que sexa unha baixa de longa duración debido a continxencia da patoloxía.

Vista as Bases reguladoras e convocatoria do plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2023, publicada no BOPPO do día 31 de outubro de 2022.

Vista a Resolución de Alcaldía nº2023-0080, con data 31/01/2023, de contratación laboral de doce peóns de obras públicas, dentro do plan de obras e servizos municipais, liña 3 da Deputación de Pontevedra.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVO.

### RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a substitución do traballador Francisco Pérez Otero por Jose Luis Misa Teixeira, nas mesmas condicións polas que estaba contratada a persoa a quen substitúe.

Segundo.- Proceder a contratación temporal, dende o día 22/03/2023 ata incorporación da persoa que substitue e como prazo máximo o 05/08/2023. O tipo de contrato é en modalidade de contrato temporal a tempo parcial ( 6 horas diarias, 30 horas semanais), en categoría profesional de peón obras públicas.

Terceiro.- As retribucións salariais serán as seguintes:  
Salario Bruto, incluída a prorrata das pagas extras, 1008,00 euros.  
- Seguridade Social- cota patronal 386,06 euros

Cuarto.- Publicar na sede electrónica e na páxina web do Concello de Pazos de Borbén Notificar a persoa interesada.

Quinto.- A persoa que se vai contratar debe presentarse no Concello de Pazos de Borbén como máximo ata o día 21/03/2023 coa seguinte documentación:  
- aceptación ou renuncia ao posto  
- Número de conta bancaria.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde en Pazos de Borbén,

*O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIA-INTERVENTORA DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.*





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN  
(PONTEVEDRA)

